

Conferencia inaugural

¿CUESTIONA A ESCOLA OS ROLES DE XÉNERO? ALGUNHAS REFLEXIÓNS SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL

Ramona Barrio Rodríguez, profesora do IES As Fontiñas

Ramona Barrio Rodríguez é licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de ensino secundario, impartindo docencia de Economía no IES As Fontiñas de Santiago de Compostela.

Participa, desde o comezo, en organizacións feministas galegas. Como membro do Colectivo de Mulleres Ensinantes “do Rosa ao Violeta”, participa en traballos de investigación na aula e na elaboración de U.D.: Temos alumnas nas aulas?, A violencia agachada, Na procura de espazos propios, Aula de cine: Mirando o cine con outros ollos,.....


Entre as súas publicacións destaca *Controversias sobre a muller galega en A muller na agricultura*. Edicións do Castro. 1988; *Do sexismo lingüístico á diferenza sexual na linguaxe en Desarrollo del lenguaje y cognición*. Ediciones Pirámide. 1998; *Economía mundial, globalización y género en La organización de las Asociaciones de mujeres. La tiranía de la falta de estructuras*. Edita Forum de Política Feminista. 2001.

1. Unha mirada á situación do ensino hoxe:

O NOSO ALUMNADO:

A primeira referencia que vou facer é ao **alumnado galego non** matriculado no curso 2003/2004 distinguindo niveis e sexo **universitario**.

ALUMNADO GALEGO NON UNIVERSITARIO POR NIVEIS E SEXO³ (CURSO 2003/04)




Fonte: U.D.Para unhas relacións de calidade, evitemos a desigualdade. Combatamos a violencia. Xunta de Galicia.

Podemos ver como o nº de rapazas vai aumentando co nivel educativo. Así no bacharelato xa nos atopamos con mais mulleres, sen embargo non acontece o mesmo cos ciclos formativos, onde probabelmente podemos atopar ramas da F.P. nas que aínda case non se incorporaron mulleres (electrónica, automoción) e ramas nas que os homes son aínda moi minoritarios (sanitaria). E quero facer fincapé neste porque as retencias a elixir aquí uns estudos -coa posterior dedicación profesional- adxudicados tradicionalmente a cada un dos sexos, son moi grandes. Ademais son máis homes os que escollen os ciclos coa conseguinte facilidade de incorporación ao mercado laboral (hai menos paro que con outros niveis de estudos).

Vou determe, nos dados das alumnas e alumnos da **universidade**:

Temos os datos xerais de hai tres cursos nos que xa as mulleres eran maioría na universidade galega (57% fronte ao 43% de homes)

ALUMNADO DE 1º E 2º CICLO NO ENSINO UNIVERSITARIO GALEGO POR SEXO² (CURSO 2001/02)



Fonte: Unidade didáctica "Para unhas relacións de calidade, evitemos a desigualdade. Combatamos a violencia". Xunta de Galicia.

Na **universidade de Santiago de Compostela (USC) no curso 03/04** (ver: [diapos nº 3 foro.ppt](#)) hai unha gran maioría que son mulleres (aproximadamente 1/3 da matrícula son homes). Antes da segregación das universidades galegas a distribución por sexos era aproximadamente ao 50%, desde o ano seguinte á creación da U. de Vigo e Coruña, xa pasan a ser as mulleres un 60% na USC, porcentaxe que foi en aumento. Isto pode ser debido a que nas outras dúas universidades, especialmente na de Vigo, hai moitas carreiras técnicas. Carreiras nas que se sitúa fundamentalmente o alumnado masculino.




Gráfica 2.2.5.- *Distribución porcentual dos estudantes matriculados segundo o sexo.*

Fonte: Universidade de Santiago de Compostela. Curso 2003/2004.

En canto á **Universidade de A Coruña**, ao realizar a análise por sexo, pódese observar como a presenza feminina nas aulas vai superando aos varóns co paso do tempo tanto nas carreiras de ciclo longo,


Gráfico 1.- Evolución matrícula ciclo largo por sexo



Fonte: XORNADAS DO IDEGA. O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO: BALANCE E PERSPECTIVAS. Universidade de A Coruña.

como de ciclo curto,

Gráfico 2.- Evolución matrícula ciclo corto por sexo



Fonte: XORNADAS DO IDEGA. O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO: BALANCE E PERSPECTIVAS. Universidade de A Coruña.

Tendo as mulleres xa unha porcentaxe algo superior aos homes. Sen embargo hai moitas diferenzas por ramas do coñecemento, xa que as mulleres están infra-representadas **nas ramas de ensino técnico** (son arredor **do 27% nas titulacións de ciclo curto e o 35% nas de ciclo longo**). A evolución parece que vai a mellor mais aínda se atopan, as carreiras, claramente estereotipadas.

Na universidade de Vigo:

Hai unha asimetría moi forte entre o campus de Vigo e os de Ourense e Pontevedra. Nestes últimos a amplísima maioría son mulleres (ao redor do 62%).

	homes	mulleres
<i>Campus Ourense</i>	2.726	4.473
<i>Campus Pontevedra</i>	1.362	2.156
<i>Campus de Vigo</i>	9.276	9.110
<i>Totais</i>	13.364	15.739

As mulleres son 68,2 % menos en enxeñerías superiores e un 72,3% menos nas enxeñerías técnicas

Curso 01/02

Fonte: XORNADAS DO IDEGA. O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO: BALANCE E PERSPECTIVAS. Universidade de Vigo.

No campus **Vigués é onde se concentran as enxeñerías superiores e técnicas, onde a representación feminina é moi reducida en relación aos homes.**

Soamente con estes datos quizais xa podíamos respostar a esa interrogante que se formulaba no título da conferencia, estes datos precisamente non indican que a escola estea cuestionando os roles de xénero. Mais ben, a distribución das alumnas e alumnos, aínda que con lixeiros avances, segue facéndose conforme os estereotipos de xénero, segundo o esperado por esa vella idea que nos adxudica papeis distintos, carreiras diferentes e acceso ao mercado tamén desigual a homes e mulleres. As oportunidades seguen sendo discordantes para mozos e mozas.

Como vive o noso alumnado esta idea da coeducación e do feminismo?:

Baseándome na experiencia de 25 anos de docencia, en xeral, eu penso que rapaces e rapazas teñen **algo de rexeitamento** para determinadas actitudes cando poñemos de manifesto a discriminación das mulleres.

Elas teñen claro, por exemplo, que non queren cobrar menos, que queren ter dereito ao traballo. Mais tamén pensan que moito está conseguido, así algunhas teñen actitudes cara o feminismo de consideralo exaxerado, mentres que outras (as menos) veno ben.

Eles: hai de todo, moitos dentro do politicamente correcto, e moitos outros vendo o feminismo como o contrario do machismo (tómano no terreo persoal, quizais porque ven perigar algunhas das súas comodidades)

Atopámonos ademais co **rexeitamento ao termo feminismo** entendéndoo máis ben como “hembrismo”. Esta confusión está claro que é un reflexo do social, da manipulación do termo que podemos atopar en outros ámbitos da vida.


Rexeitamento do feminismo ?



Movimento socio-político que denuncia a marxinación e desigualdade social da muller, reivindicando a igualdade política, social e xurídica respecto do home. P ext: actitude persoal que favorece tales reivindicacións. (Diccionario Xerais da Lengua)

Que modelo ve o noso alumnado con respecto á distribución por sexos DO PROFESORADO?:

PROFESORADO GALEGO POR NIVEIS EDUCATIVOS E SEXO³ (CURSO 2003/04)



Fonte: Unidade didáctica "Para unhas relacións de calidade, evitemos a desigualdade. Combatamos a violencia". Xunta de Galicia.

O profesorado non universitario é fundamentalmente feminino nas primeiras etapas educativas infantil e primaria. Somos menos, aínda que maioría, as docentes do ensino secundario, menos nas universidades e nos ciclos formativos.

Como exemplo podemos ver a Universidade de Vigo: *como destacaba un xornal facéndose eco do reparto de premios de fin de carreira: 11 para homes e 18 para mulleres, mais as docentes e as mulleres no equipo de goberno seguen sendo moi poucas*

Profesorado universitario

As mulleres son maioría no campus mais os homes copan o profesorado....

Datos da Univ. de Vigo:
7 de cada 10 prazas docentes están ocupadas por homes. No equipo de goberno so 2 dos 11 son mulleres

Fonte: Voz de Galicia 23 febreiro de 2006

E o profesorado, Está coeducado?

Hai actitudes moi distintas. Mais ben case todo o mundo pasa. Hai unha idea de que está máis ou menos conseguida a igualdade: Esta idea está relacionada cos *avances importantes que se deron nas vidas das mulleres desde hai décadas*. Aínda nos anos 70, anos que moitas persoas recordaremos, estabamos sen divorcio, sen o dereito ao aborto, sendo xulgadas por adúlteras, dependendo dos maridos até para poder dispoñer dos bens privativos, cunha baixa cualificación

profesional,.... Claro que se **deron avances importantes nas vidas das mulleres** e que levaron a que fomos gañando en independencia, en participación social, en incorporación ao mercado laboral e en presenza e bo rendemento en todos os niveis educativos .Avances que se teñen traducido tamén, e fundamentalmente, en cambios nas leis. Que levaron ao recoñecemento legal da igualdade en moitos ámbitos, até a lei de dependencia que se está a concretar agora,..... Mais a igualdade legal non o é de feito xa que segue persistindo a discriminación das mulleres. Nas prácticas sociais non se ten avanzado tanto como sería desexábel.. É clara a desvalorización do feminino, seguimos a responsabilizarnos case en exclusiva do traballo no ámbito familiar, seguen existindo agresións ás mulleres etc....

- As profesoras e profesores seguimos transmitindo esquemas conceptuais previos, principios ou valores discriminatorios. Este **currículo oculto**, e polo tanto non declarado, é transmitido sen pretendelo. Cantas veces, todas e todos nos, non nos temos sorprendido con actitudes que valoran menos ás rapazas ou con conceptos previos que acaban condicionando e discriminando. Nós non abandonamos na porta da escola os estereotipos que temos na nosa vida. Claro que xa teríamos moito andado se o profesorado fora consciente deste problema.
- Si que hai hoxe no ensino un conxunto de persoas, algunhas que estamos desde hai **anos intentando levar a cabo un traballo coeducativo, outras incorporadas máis recentemente** (un grupo de mulleres e uns pouquiños homes).
- Unha parte pequena do profesorado comprometido co traballo coeducativo (fundamentalmente mulleres) **opta por revisar o currículo das súas materias**: estou convencida de que existen cousas ben interesantes, algunhas coñecidas e outras non: no ámbito da historia, da economía, das matemáticas ou da Educación Física, por poñer algún exemplo.
- Tamén se intenta manter un traballo máis colectivo (ao mellor máis fácil nas primeiras etapas do ensino e máis complicado na post-obrigatoria) que reverta no conxunto do centro do ensino. PEC, PCC, 8 marzo, campañas contra violencia de xénero,...

Atopámonos aquí mulleres que levamos anos neste traballo e mulleres novas: As primeiras apoiámonos na experiencia, no pouco que hai colectivizado, e vemos que non hai moito novo (ideas, propostas,....). As segundas, as mais novas, están un pouco na mesma e recollendo as propostas que se levan facendo desde hai anos, aportando novas enerxías. Todas traballando co alumnado, intentando facer visíbeis ás mulleres, intentando crear conciencia sobre situacións de discriminación....

As sensacións son que non hai moito novo, hai moito esforzo individual e **hai poucas axudas** para investigar, para publicar,.....Quero aclarar aquí que **non só é un problema económico, máis grave aínda é o problemas dos tempos** que dedicamos neste compromiso (promover actividades conxuntas leva tempo, revisar todo o currículo das materias que impartimos leva moito tempo, elaborar unha pequena Unidade didáctica, leva tempo e a **falta de apoio das administracións** (con excepcións) ten sido unha constante ao longo destes anos.

2. Selecciono a continuación algúns aspectos que considero de especial interese no traballo coeducativo:

a.

- A incorporación, ao sistema educativo, da educación emocional, do coidado das persoas, educación sexual e afectiva. Quero resaltar aquí a necesidade deste cambio no

currículo para poder axudar a resolver conflitos de forma non violenta (como é o caso dos maos tratos). É dicir, equilibrar o currículo e que os famosos **temas transversais** pasasen a ser, polo menos nas primeiras etapas do ensino –ensino obrigatorio- **o eixo das novas áreas curriculares**, convertendo ás materias curriculares tradicionais (Matemáticas, Lingua,...) en instrumentos que organizarían e estruturarían o currículo. **A temática dos temas transversais sería a ponte de unión entre o científico e o cotián.** Con isto postulase que o cotián é a fonte idónea para abastecer tanto o sentido común como o pensamento científico do alumnado.

Mais, cales son as dificultades para a posta en marcha desta idea?:

Non podemos esquecernos de cal é a orixe dos actuais contidos curriculares:

- as disciplinas que se imparten hoxe son as que veñen existindo desde sempre, teñen a súa orixe nas preocupacións dos pensadores gregos que estudaron temas moi alonxados da vida cotiá (recordemos que todo o máis próximo ao traballo manual non formaba parte das súas preocupacións)
 - **o currículo actual** ademais recolle programas e materias do currículo académico **masculino**. Lembremos que as alumnas, coa escola mixta, incorpóranse a ese currículo sen que previamente foran analizadas nin recoñecidas as súas motivacións, intereses e necesidades. Non se produciu unha fusión dos dous modelos da escola segregada, senón a xeralización dun deles fronte ao currículo feminino que queda deste xeito desvalorizado.
 - a infravaloración do feminino leva a que aspectos tan importantes do desenvolvemento das persoas como a afectividade, as relacións coas demais persoas, o mundo doméstico sexan totalmente ignorados pola escola, non parecendo ser dignos de integrarse nos currículos académicos con nome propio.
- Aínda así, as rapazas teñen bos rendementos académicos (ao incorporarse ao currículo masculino), mais teñen problemas de autoestima, de recoñecemento, de non valoración do seu. Na escola, as alumnas teñen un tratamento secundario e reciben menos atención, interiorizan o seu papel secundario na sociedade, de aí que sexa moi importante os modelos de mulleres en papeis distintos aos tradicionais (co que leva ás veces de contradictorio, na medida en que poden ser referentes as mulleres triunfadoras, e en certa medida con asunción de valores masculinos). Non podemos esquecer, ademais, que as expectativas do profesorado inflúe sobre as capacidades e rendementos do alumnado.

b.

Coa linguaxe seguimos ocultando ás mulleres. Hai oposición fronte ao uso da linguaxe non sexista. Especialmente, unha oposición importante e cualificada do profesorado de lingua (o currículo nas facultades non inclúe o estudo de algúns aspectos tan interesantes da sociolingüística,...).

Os estereotipos de xénero maniféstanse na linguaxe a través de distintas formas: xa sexa coa utilización do masculino xenérico, do salto e asimetría semánticas, do rexeitamento do feminino dominante,.. entre outros,...

Podemos sinalar ademais como, na práctica docente, o profesorado a través da linguaxe/interacción verbal coas alumnas e alumnos estamos facendo visíbeis ou non visíbeis ás nenas, estamos perpetuando o sexismo, a subordinación feminina e transmitindo valores androcéntricos.

De aí que esas propostas que vimos facendo desde hai anos: a utilización do masculino específico, o uso da linguaxe sexuada coa combinación do uso, en algúns casos, de neutros. En fin, mudar as prácticas lingüísticas sexistas que axudan a mudar os estereotipos de xénero ou prexuizos sexistas.

c.

- Segue sendo necesario a revisión **dos materiais curriculares**, especialmente os libros de texto,. Non poden saír materiais sen un control estrito. Non podemos esquecer que o libro de texto segue sendo un dos recursos básicos a través do que se representa o coñecemento nas escolas. E segue habendo invisibilidade, ocultación da historia das mulleres e das contribucións que facemos á nosa cultura. Nos libros seguen predominando os personaxes masculinos en todas as modalidades, a linguaxe non está coidada. En definitiva, coidar e controlar os libros de texto e resto de materiais curriculares, **segue sendo unha demanda importante para coeducar na escola.**

d.

- **En canto á reciclaxe e formación do profesorado:** a primeira cuestión importante é o problema que supón a **formación inicial do profesorado**, que segue sendo case igual que hai moitísimos anos. Salvo excepcións, no paso polo maxisterio ou por outras carreiras orientadas á educación non se produciron grandes cambios. Os planos de estudos non abordan de forma xeralizada a coeducación, o sexismo, o feminismo,... Están totalmente ao marxe dos retos que temos hoxe nas aulas. Para as e os que xa están dentro do ensino habería que, por unha parte formalo/conciencialo con cursos. Mais é importante **que o propio profesorado emprenda formas de investigación/acción na aula:** descubriendo a persistencia do sexismo na súa propia acción (currículo oculto) e ensaiando formas alternativas para modificar a nosa práctica nas aulas. **De aí a importancia da persistencia nas experiencias coeducativas e a necesidade de apoio e recoñecemento destes traballos/prácticas.**

Aínda que so sexa citalo, o papel das ANPAS tamén é importante. Abordar temas coeducativos, promovendo escolas de nais e pais cunha boa participación é unha tarefa ben importante, sobre todo nas primeiras etapas educativas.

e.

- Xa mencionei a importancia da educación sentimental. E quero resaltar agora que esta sería unha boa vía para chegar ao alumnado. É moi importante para o traballo coeducativo como nos achegamos ao alumnado. É necesario que fagamos un tipo de traballo que nos achegue máis aos alumnos e alumnas, de **máis cercanía coas emocións** (hai propostas, mais difíciles de concretar ás veces). Con unha **metodoloxía activa**, exercendo a boa autoridade, que como sabemos, polo menos na teoría, é a que nos dan os demais e non a que nós nos adxudicamos a través do autoritarismo (autoritas fronte a autoritarismo)

3. Novas dificultades para a escola

Quero sinalar dúas cuestións:

1. A **escola é un dos elementos socializadores** que configuran a forma de ser, de sentir e de pensar das persoas. Ocupa o terceiro posto despois da familia e dos medios de comunicación. A escola inflúe e actúa de diferentes maneiras sobre alumnas e alumnos. Unha delas é a través

do **currículo explícito**, no que están clasificadas as actividades, os contidos, os obxectivos que se propón o profesorado. E, por outra parte o **currículo oculto** (ao que xa fixen referencia) que inflúe de maneira non explícita e non intencional.

Os cambios tan importantes no papel das mulleres na sociedade, coa incorporación de moitas máis mulleres aos traballos remunerados, con xornadas laborais moito amplas levan a que os tempos de atención a rapaces e rapazas sexan menores. O modelo de familia mudou e hoxe algunhas nenas e nenos están moito tempo sos. Esta situación parece que está engadindo novas tarefas na escola. Quizais se supón que eran tarefas da familia no pasado, moitas das tarefas que agora temos que asumir como educadoras e educadores na escola. Mais este é un papel que nos corresponde, as e os profesionais do ensino temos que ter un compromiso claro coa educación en valores.

2. Estamos nunha escola na que se está a deteriorar o ensino público. Temos poucos medios, e hai unha perda de prestixio (fronte ao pasado) do profesorado. Son coñecidas por todas e todos nós as teorías que apuntan a que a feminización dos traballos leva a que se consideren menos valiosos. A profesión docente está feminizada e máis desvalorizada sobre todo nas primeiras etapas (infantil e primaria).

Este desprestixio pode dificultar, aínda máis, o traballo da educación en valores/o traballo coeducativo.

A xeralización e ampliación dos anos de ensino obrigatorio, que supón unha mellora social moito importante, tamén engade maiores dificultades nas nosas aulas. Xa que agora temos moitas alumnas e alumnos na escola que non estarían en épocas pasadas. Isto leva a que exista máis variación nos niveis educativos, maior conflictividade nas aulas,

Pese a todo a escola/sistema educativo, debe ser, un dos primeiros en traballar para conseguir a igualdade. Ten que ter un papel importante como impulsor/contribuidor aos cambios sociais.

4. ???? no traballo coeducativo

A formación inicial é moito escasa, os esforzos no traballo coeducativo, son fundamentalmente individuais, a amplísima maioría do profesorado non está formado. Dificultades que fan claramente cuestionar a transversalidade tal como se aborda actualmente. A idea que defendín ao principio desta charla, de mudar totalmente e converter a transversalidade no eixo do currículo parece como se a viramos un pouco lonxe. Seguiremos buscando un momento no que se poda levar a cabo, seguiremos buscando esa utopía.

Mais por agora hai debates e decisións nas que intervir.

Ante a pregunta que nos facemos moitas de nos: como abordar o traballo coeducativo?

Podemos comezar por preguntarnos cal é a cal ten sido o papel xogado pola administración?. Cal a implicación dos cargos directivos dos centros, e cal o papel que desempeña a inspección educativa?

Ben seguro que será motivo de debate, porque aquí aínda nin se discutiu, a idea de promover unha **materia específica**, concretada xa en algunha comunidade. É unha alternativa moito polémica, con vantaxes e inconvenientes claros.

Considero que temos que ter en conta, ***que é moito recente, na nosa historia da educación a escola mixta*** (non podemos esquecerlo). Mais o que non debemos esquecer é a ***necesidade***

dunha escola coeducativa que ten que levar a redefinir o modelo cultural, que admita as diferenzas e que leve a que cada quen poda escoller (sen o condicionamento do grupo inicial de home e muller).

As desigualdades educativas son unha das bases das futuras desigualdades sociais. Na súa eliminación deberían estar implicadas as administracións, e o profesorado, desde logo:

Tomando opcións claras:

**por unha escola non sexista,
cooperativa,
crítica cos sistemas de homoxeneización (cultural, política e ideolóxica), comprometida
cos sectores marxinados,
que eduque en e desde a liberdade
e con decidida vontade de transformación social**

Nesto estamos, aínda que non sexamos moitas, e neste seguiremos. Iso espero. Moito ánimo no traballo.

Compostela, venres 21 de abril de 2006